

PLAN DE ACTIVIDADES 2016

**FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE**

**O MUNICIPALISMO GALEGO,
ABERTO A COOPERAR**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PLAN FORTALECIMENTO
3. PLAN SENSIBILIZACIÓN
4. PLAN ÁREA PROXECTOS
5. PLAN COMUNICACIÓN
6. CRONOGRAMA
7. ORZAMENTO

1. INTRODUCCIÓN

Neste documento quedan reflectidos as actividades que serán desenvolvidas durante o 2016. Iniciamos unha nova lexislatura con novidades con respecto ao período anterior e que sentará as bases desta nova etapa no labor de concienciación, responsabilización e visibilización dos dereitos humanos e a cooperación ao desenvolvemento nos municipios galegos. Con esta planificación iníciase un novo período que consolida os esforzos da entidade nos últimos 18 anos, en aras de traballar cunha mirada a medio prazo e sempre coa intención de mellorar nos procesos e adaptarnos ás peculiaridades e demandas do municipalismo cooperante.

Esta planificación introduce cambios, principalmente nas áreas de sensibilización e cooperación ao desenvolvemento, respondendo claramente aos obxectivos marcados nas Liñas Estratéxicas 2016-2019, e que foron transmitidos polos nosos socios ou son froito da experiencia da organización. Neste primeiro ano comézase abordando moitos deles, mais a súa consecución fundaméntase nun traballo paulatino distribuído ao longo dos catro anos, nos que cómpre centrarse en diferentes accións en cada un deles para acadar as metas propostas.

Nas actividades descritas, a innovación e a orixinalidade son dúas das nosas premisas para procurar unha maior participación e apropiación por parte dos nosos socios coas actividades e proxectos que impulsamos. Así mesmo, amósase a preocupación por acadar unha maior eficacia, eficiencia e impacto que redunden nun crecemento cuantitativo e cualitativo da organización.

O plan de actividades 2016 é, pois, froito dun novo ciclo, que, se ben segue a liña de continuidade co período anterior, presenta importantes retos en aras de procurar unha maior eficacia, eficiencia e impacto e sempre buscando a implicación das entidades socias na loita pola defensa dos dereitos humanos.

2. PLAN FORTALECIMENTO 2016

1. OBXECTIVOS E RESULTADOS

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

Estratexia 1.1: Conseguir novos Concellos e Deputacións socias

Estratexia 1.2: Fomento da participación dos socios na actividade ordinaria da organización

Obxectivo 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

Estratexia 2.1. Fortalecemento da Secretaría Técnica

Estratexia 2.2: Potenciar a implicación das/os responsable políticas/os

Obxectivo 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

Estratexia 3.1: Impulso do recoñecemento do Fondo Galego

Estratexia 3.2: Acadar o recoñecemento e notoriedade como axencia municipalista da cooperación por parte das institucións e entidades do sistema galego de cooperación e doutros actores.

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

Estratexia 4.1: Revitalizar a participación na Confederación de Fondos

Estratexia 4.2: Participación do Fondo Galego en Redes Internacionais que entronquen coa súa misión e visión

Obxectivo 9: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

Estratexia 9.1: Incluír novas ferramentas internas e de cara á sociedade para amosar o cumprimento coas normas internas e transparencia na xestión

2. ACTIVIDADES

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

- **ACTIVIDADE 1.1: A Comisión Executiva e a Secretaría Técnica convidan a participar a 10 novos socios**

A meta é que anualmente un mínimo de cinco novos concellos entren a formar parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Para iso é fundamental a participación e mediación das persoas que integran a Comisión Executiva. Trimestralmente propoñeranse 8 potenciais socios para que cada persoa da executiva contacte con un deles e o convide a asociarse ao Fondo Galego.

Así mesmo, a propia Secretaría técnica tamén fará visitas a algúns concellos para tratar de conseguir novos socios. Neste 2016 é moi importante o fortalecemento cuantitativo e cualitativo da organización dado o contexto potencialmente máis favorable. É por isto que se propón a elaboración de packs informativos para entregar a aqueles Concellos que se visiten,

ou outros actores que nos poidan servir de enlace para conseguir novos socios, como partidos políticos.

ORZAMENTO: 800€

- **ACTIVIDADE 1.2: Reunións itinerantes da Comisión Executiva para visibilizar os novos socios.**

Planificaranse 5 reunións da executiva en 5 concellos/deputacións con vontade firme de sumarse ao Fondo Galego, co obxectivo de apoiar a decisión e visibilizar a nova incorporación. Porén, ademais da propia xuntanza da Comisión Executiva, á que o novo socio poderá acudir como oínte, organizarase unha rolda de prensa.

ORZAMENTO: 0€

Obxectivo 2: Fortalecemento da estrutura do Fondo Galego

- **ACTIVIDADE 2.1: Incrementar o número de recursos humanos na secretaría técnica**

Só se contamos cunha estrutura profesionalizada e comprometida co proxecto estaremos en condicións de asegurar a súa continuidade con garantías de solvencia. Dado o gran volume de traballo da organización faise completamente necesario a ampliación do equipo técnico na medida das posibilidades orzamentarias.

ORZAMENTO: 60.000€

Obxectivo 3: Mellorar o estatus institucional e recoñecemento

- **ACTIVIDADE 3.1: Elaboración dunha exposición sobre os 20 anos do Fondo Galego.**

Durante o 2016 será elaborada unha exposición que relate a vida do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao longo dos 20 anos de existencia. A súa elaboración terá como obxecto conmemorar o aniversario da organización no vindeiro 2017.

ORZAMENTO: 2.500€

- Deseño e impresión da exposición: 2.500€

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

- **ACTIVIDADE 4.1: Priorizar a participación da Confederación de Fondos**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupou unha Vogalía da Confederación de Fondos na pasada lexislatura, con altos e baixos na actividade de dita organización. Problemas internos dalgún Fondos de cooperación cun peso importante dentro da Confederación orixinaron o relego da actividade coordinada dos Fondos a un plano secundario. Na actualidade, a Confederación de Fondos atópase nunha etapa de letargo, mais con amplas posibilidades de que colla un renovado impulso nesta nova lexislatura que acaba de comezar. O Fondo Galego debe adoptar un papel activo e conciliador dentro da Confederación, tratando de recuperar a capacidade de iniciativa e discurso. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista e para emprender novas

actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

ORZAMENTO: 2.000€

- Cota socios Confederación: 1.000€
- Viaxes, aloxamento, manutención: 1.000€

Obxectivo 9: Visibilizar o rigor e transparencia na xestión

- **ACTIVIDADE 9.1: Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego**

Cómpre multiplicar as iniciativas de transparencia que permitan dar conta do uso e aplicación dos recursos destinados ao financiamento de accións de cooperación ao desenvolvemento. Os datos económicos estarán accesibles e actualizados na páxina web do Fondo Galego, ademais de ser socializados coa rede de socios nas respectivas Asembleas xerais e nas memorias de actividades anuais.

ORZAMENTO: 0€

- **ACTIVIDADE 9.2: Auditoría Contable dos últimos anos.**

Segundo se recolle na acta da Comisión Executiva do 15/06/2015 “acórdase realizar unha auditoría sobre a contabilidade do Fondo Galego que recolla as dúas lexislatura anteriores até a última realizada”.

ORZAMENTO: 5.000€

3. PLAN SENSIBILIZACIÓN 2016

1. OBXECTIVO E ESTRATEXIAS

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

Estratexia 1.1: Conseguir novos Concellos e Deputacións socias

Estratexia 1.2: Fomento da participación dos socios na actividade ordinaria da organización

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

Estratexia 4.2: Participación do Fondo Galego en Redes Internacionais que entronquen coa súa misión e visión

Obxectivo 5: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

Estratexia 5.1: Apostar por actividades atractivas e novidasas

Estratexia 5.2: Deseñar actividades acaídas para os socios do rural

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

Estratexia 7.1: Impulso de proxectos de codesenvolvemento

Estratexia 7.2: Participación activa dos nosos socios en determinadas accións de cooperación ao desenvolvemento nos proxectos en execución.

Estratexia 7.3: Relanzamento do COCIDE

2. ACTIVIDADES

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e mellorar a súa participación activa

- **ACTIVIDADE 1.1: Levar a cabo as xuntanzas da Rede municipalista solidaria de xeito máis participativo e procurando unha maior asistencia de socios.**

A Rede Municipalista Solidaria está conformada polas representantes técnicas e políticas dos nosos concellos e deputacións socias do Fondo Galego. Constitúe a ligazón entre a secretaría técnica do Fondo Galego e os nosos socios. A comunicación coa rede é como mínimo mensual, a través do correo electrónico, nos que os nosos socios son informados das actividades, proxectos e en xeral da vida asociativa da organización.

A necesidade das xuntanzas presenciais da Rede Municipalista Solidaria foi avalada nas enquisas de avaliación realizadas na última xuntanza do 2015, onde as persoas participantes sinalan maioritariamente o interese e adecuación de organizar 2 xuntanzas ao ano para coñecer as experiencias doutros concellos socios e xerar suxestións e novas ideas en base á experiencia. Así mesmo, tamén se destaca a importancia de fomentar prácticas que fomenten a participación nestas xuntanzas por parte de todos os socios e de facer estas xuntanzas dun xeito máis dinámico, que promova o traballo grupal e a interacción entre as persoas asistentes

ao fin de ser xeradoras de información e non meras receptoras. É por isto que as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria tórnanse indispensables para o bo funcionamento e consolidación da política mancomunada de cooperación ao desenvolvemento entre os concellos e deputacións socias do Fondo Galego.

Porén, e como novidade, nestas xuntanzas presenciais entre representantes dos Concellos socios (habitualmente persoal técnico aínda que tamén se convida a políticas/os) e os traballadores da Secretaría Técnica do Fondo, non se informará senón que tamén se estimulará ás entidades asociadas a participar no deseño e execución de actividades de sensibilización, a través de dinámicas que serán impartidas pola Secretaría Técnica do Fondo Galego, á vez que tamén se informará da evolución do estado dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sobre a vida da organización. É de crucial importancia a introdución de ferramentas que promovan a súa participación activa nas xuntanzas presenciais nestas xuntanzas para acadar unha maior apropiación.

Durante o 2016 realizaranse 6 Redes Municipalistas Solidarias no primeiro e segundo semestre do ano. Haberá unha única convocatoria, con indicación dos 6 lugares de reunión, para que o persoal técnico e político das entidades socias poida acudir ao lugar que prefira. Será levantada unha acta por cada reunión, con indicación de asistencias.

Para promover a asistencia de representantes políticas/os e/ou técnicas/os nas reunións das RMS, para as reunións de cada semestre contarase coa participación de persoas ou entidades que poidan dar conta de primeira man das actividades ou proxectos que se estean realizando desde o Fondo Galego ou que foran suxeridas nas pasadas xuntanzas da RMS. A proposta sería a seguinte:

- Xuntanzas da RMS do primeiro semestre (previsiblemente no mes de marzo): Contarían coa asistencia de participantes no Programa Vacacións con Traballo, para resolver dúbidas e motivar a participación e difusión da actividade.
- Xuntanzas da RMS do segundo semestre (previsiblemente no mes de novembro): contarían coa asistencia dunha representante da Fundação Encontro, coa que se leva traballando desde agosto de 2015 ata xullo de 2016 nun proxecto de saúde materna-infantil en Mozambique. Aproveitaríase a estancia desta persoa para facer visitas institucionais.

ORZAMENTO: 3.100€

- Desprazamentos persoas que participaron en VCT ás xuntanzas da RMS: 600€
- Viaxe, aloxamento e manutención de representante do proxecto en Mozambique: 1.700€
- Desprazamento de integrantes da Secretaría técnica para dinamización das reunións: 800€

- **ACTIVIDADE 1.2: Estimular a asistencia na Asemblea Xeral de Socios**

A Asemblea Xeral de Socios terá lugar previsiblemente no mes de marzo de 2016. Tratarase de que a Asemblea de Socios sexa máis participativa de parte das persoas asistentes, creando dinámicas e ideando ferramentas por parte da Secretaría Técnica. Por outra parte, é un bo momento para fomentar o comercio xusto, polo que se propón agasallar ás persoas asistentes un produto de comercio xusto ou convidalas/os a un tentempé solidario.

ORZAMENTO: 250€

- Agasallos de produtos de comercio xusto para as persoas asistentes: 250€

Obxectivo 4: Impulsar a participación do Fondo Galego en redes estatais e internacionais

- **ACTIVIDADE 4.2: Proxecto Networking for Development II**

Proxecto europeo no que o Fondo Galego participa como apoio e consultor para outros concellos de Holanda, Alemaña e Portugal que toman como referencia o noso modelo na implementación de actividades de educación para o desenvolvemento. Durante o 2016 terá lugar no mes de abril en Galicia o encontro entre os parceiros e un seminario de cooperación descentralizada. Ambas actividades deberán ser organizadas polo Fondo Galego.

Así mesmo, contéplase a nosa participación no seminario de peche do proxecto no mes de outubro.

ORZAMENTO: 17.552,41€

Obxectivo 5: Sensibilizar nos temas de solidariedade e dereitos humanos a un maior número de persoas en Galicia

- **ACTIVIDADE 5.1: Exposicións con actividades que faciliten a súa comprensión**

As 5 exposicións actualmente dispoñibles para os socios do Fondo Galego son: 'Influír no global desde o local', 'Imaxes con Fondo', 'Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade', 'Nicaragua, o futuro' e 'Nenos Soldado'. <http://www.fondogalego.org/web/exposicions>.

As exposicións serán mobilizadas entre as entidades asociadas, aproveitando sempre para reforzar outras actividades, como obradoiros de fotografía, contacontos ou ciclos de cine solidario.

Así mesmo, e tras os resultados da enquisa de avaliación elaborada no último trimestre do 2015 a representantes técnicos e políticos da Rede Municipalista Solidaria, unha das demandas dos nosos socios é o acompañamento destas exposicións con outras actividades directamente relacionadas que as fagan máis comprensibles e atractivas ao público. É por iso que se deseñan as seguintes actividades para o acompañamento das seguintes exposicións dispoñibles:

- Influír no global desde o local: dispón de unidade didáctica que é enviada aos socios que acollen a exposición. A unidade didáctica foi financiada pola Xunta de Galicia nun convenio anterior e resulta de balde para os nosos socios.

- Imaxes con Fondo: A exposición, destinada fundamentalmente a centros de ensino, será acompañada dun obradoiro de fotografía social impartido por Felipe Carnotto, gañador do concurso fotográfico Imaxes con Fondo na súa segunda edición. Ofertaranse un total de 10 obradoiros para 10 socios diferentes, a desenvolver en 10 centros de ensino con unha duración de dúas horas.

- Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade: A exposición sobre Cabo Verde será acompañada dunha actuación musical do grupo de mulleres burelenses-caboverdianas Batuko Tabanka. Ofertaranse un total de 10 actuacións a 10 socios diferentes. As actuacións terán a duración estimada polo propio grupo musical, e contarán cunha breve explicación da vinculación Galicia- Cabo Verde ao inicio das mesmas. Ademais de promover a interculturalidade darase a coñecer unha realidade da comunidade galega e en concreto dun dos nosos concellos, o de Burela, que acolle a un gran número de persoas caboverdianas.

- Nenas/os Soldados: Ademais de elaborar (deseño e impresión) dous paneis de presentación da exposición para que as persoas que a visiten coñezan máis sobre esta problemática, ofrecerase 10 charlas impartidas por unha persoa da Secretaría Técnica do Fondo Galego. As charlas terán unha duración aproximada dunha hora e serán destinadas a alumnado de secundaria.

A Secretaría encargárase de estimular aos asociados á exhibición de Exposicións por medio da rede de técnicas/os locais das entidades socias. As entidades socias serán as encargadas da montaxe e difusión das exposicións, ao tempo que os encargadas de asumir os custes de transportes.

ORZAMENTO: 7.300€

- Obradoiros de fotografía social: 3.000€
- Actuación do grupo musical Batuko Tabanka: 2.000€
- Desprazamentos do grupo musical Batuko Tabanka: 1.000€
- Deseño e impresión de paneis informativos exposición Nenas/os Soldados: 300€
- Gastos de desprazamentos da Secretaría técnica para impartir charlas Nenas/os Soldados: 1.000€

- **ACTIVIDADE 5.2: Contacontos**

Tralos éxitos das Xiras de contacontos da Tropa de Trapo, o Fondo Galego voltará a organizar unha nova Xira, con 10 actuacións entre as entidades socias. Como novidade para este 2016, as actuacións irán dirixidas a público do rural, para público familiar de todas as idades.

ORZAMENTO: 4.500€

- Contratación da compañía Tropa de Trapo para 10 actuacións: 3.500€
- Desprazamentos ás entidades acolledoras da actividade: 1.000€

- **ACTIVIDADE 5.3: Concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo III'**

Seguindo a lóxica de liñas de traballo do Fondo Galego e o traballo aberto na área de comunicación abriremos a terceira edición do concurso fotográfico Imaxes con Fondo, que durante o 2012 abra a súa primeira edición coincidindo coa celebración do 15 aniversario da asociación.

Cómpre destacar que froito da I edición de Imaxes con Fondo produciuse durante o 2013 unha nova exposición itinerante coas mellores fotografías realizadas recollendo o mesmo título que o concurso, e a súa vez, froito do primeiro premio da categoría adulta a exposición; *Galicia-Cabo Verde: Unha irmandade*, que dá conta dos 11 anos de traballo do municipalismo galego e caboverdiano.

A segunda edición seguiu a mesma lóxica temática que a primeira, divididas en dúas categorías, menores e maiores de 18 anos. As mellores obras presentadas serviron para elaborar o almanaque 'solidario' do Fondo Galego neste 2016, unha ferramenta útil á vez que sensibilizadora.

Nesta terceira edición cómpre introducir cambios na temática e na xestión do concurso, para conseguir melloralo e propiciar a participación. Así, establécese a posibilidade de crear dentro do mesmo concurso dúas categorías, unha fotográfica e outra audiovisual, dando a posibilidade de presentación de pequenas curtas sobre a mesma temática que no caso da fotografía.

ORZAMENTO: 4.300€

- Desprazamentos para visibilización e coordinación da actividade: 200€
- Deseño e impresión de folletos e cartaces: 2.000€
- Envío por correos e difusión por redes sociais: 500€
- Premios (todos a excepción da viaxe a Mozambique): 1.600€

- **ACTIVIDADE 5.4: Tecendo polo cambio**

Actividade levada a cabo pola ONGD InteRed no ano 2015 nun concello socio do Fondo Galego. Desta volta, o Fondo Galego reformula a actividade para dirixida e adaptala a tres dos nosos socios do rural con menos de 10.000 habitantes. Consiste na realización de 4 encontros (un por semana) en cada Concello, nun lugar e data acordados, para ir tecendo unha obra de gancho que se fai de forma colectiva e que ten o obxectivo de cubrir unha escultura urbana que resulte significativa para a consecución dos dereitos humanos. É o que se chama o "Yarn Bombing" ou "bombardeo de fío", tamén chamado "Urban knitting", incluído na denominada arte urbana. É unha forma de *graffiti* rueiro que emprega pezas de punto ou gancho en lugar de pintura, e que habitualmente quere chamar a atención sobre algún tema ou algunha persoaxe, ademais de embelecer a vila coas cores e formas do gancho.

A proposta 'Tecendo polo cambio' inclúe 4 encontros en cada un dos Concellos para tecer e facer reflexións vinculadas á cooperación ao desenvolvemento e os dereitos humanos. Nos encontros participaría una mestra en calceta e una dinamizadora da Secretaría técnica para

facer reflexionar sobre cooperación ao Desenvolvemento e dereitos humanos. Tratarase tamén de que en cada Concello poida asistir algunha persoa vinculada cos nosos proxectos e actividades, para que poidan escoitar as testemuñas de primeira man. Ao final das sesións organizarase un acto en torno ao monumento da personaxe elixida recoñecendo a súa achega á historia.

ORZAMENTO: 3.262,30€

- Mestra en calceta: 762,30€
- Lans, agullas, etc: 500€
- Desprazamentos mestra en calceta: 1.000€
- Desprazamento da Secretaría técnica para dinamizar a actividade: 1.000€

- **ACTIVIDADE 5.5: Elaborar materiais de difusión sobre a Axenda 2030 para dála a coñecer entre os nosos socios.**

ORZAMENTO: 500€

- Deseño e impresión dos materiais: 500€

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 7.1: Participación nun workshop xunto coa Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas para promover o seu fortalecemento e funcionamento**

A maioría da representación política dos nosos socios perante o Fondo Galego recae sobre mulleres. Isto pode supoñer unha potencialidade para con outros parceiros do Sur, onde tamén se está a traballar pola participación das mulleres na esfera política e desenvolvendo políticas de cara á igualdade. A pesar das diferenzas en canto ao avance da igualdade de xénero nos diferentes países, as problemáticas e barreiras que adoitan atopar as mulleres que participan en política parten da mesma base, os roles de xénero impostos polo patriarcado, se ben poden adoptar formas diferentes segundo os contextos.

Na misión técnica realizada a Mozambique por unha integrante da Secretaría Técnica do Fondo Galego, mantívose unha xuntanza con Maria Helena J. Correia, Vicepresidenta da Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos, Presidenta da Rede Africana de Mulleres Autárquicas e Presidenta do municipio de Mandlakaze. Maria Helena amosou pleno interese e disposición para que o Fondo Galego, e en concreto as súas representantes femininas puidesen participar nun programa de formación e intercambio coa Rede Africana de Mulleres Autárquicas para incidir na formación das alcaldesas e concelleiras mozambicanas. O Fondo Galego posúe unha experiencia deste tipo en Cabo Verde, no que participaron concelleiras galegas e caboverdianas, nun intercambio de experiencias que viña de pór en valor a importancia da participación política das mulleres.

Esta actividade dará como froito a realización dun seminario sobre o traballo e experiencia de diferentes Concellos galegos e mozambicanos en materia de igualdade. Este seminario terá

lugar en Mozambique e serán convidados non só a Rede Africana de Mulleres Autárquicas, senón tamén a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos. Deste xeito, daremos a coñecer e serán intercambiadas experiencias na elaboración e implementación de políticas de desenvolvemento local nunha perspectiva de xénero; Poñer en evidencia os puntos fortes e as debilidades das políticas de desenvolvemento local existentes e recomendar accións para melloralas; achegarnos á realidade da situación das mulleres de Galicia e Mozambique e das accións que se emprenden nun e noutro país a fin de transformala, no ánimo de que resulte útil no camiño cara a igualdade.

ORZAMENTO: 8.500€

- Viaxe, aloxamento e manutención de 5 mulleres representantes do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que participen no seminario de Mozambique: 8.000€
- Deseño e impresión materiais para difusión: 500€

- **ACTIVIDADE 7.2: Vacacións con Traballo**

Os Concellos galegos son un banco de recursos humanos de inmenso potencial nas relacións de cooperación coas sociedades do Sur. Ao tempo, son unha marca da historia do Fondo Galego e a máis eficaz acción de sensibilización d@s traballadores da administración local. Así mesmo, as dinámicas de cooperación Norte-Sur desde a cooperación descentralizada cada vez máis pasan polas asistencias técnicas e os intercambios de coñecemento. Toda a información sobre as Vacacións con Traballo centralízase no blog:

<http://vacacionscontraballo.wordpress.com/>

O programa Vacacións con Traballo terá este ano 4 prazas, vinculadas directamente ao noso parceiro local actual en Mozambique, a Fundação Encontro (2 persoas), e á Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos (2 persoas). Así mesmo, editarase o Caderno de experiencias de 2015 en formato dixital.

A convocatoria comezarase a traballar desde principios de ano para que estea lista para facela pública no mes de marzo. As viaxes e as estancias de cada voluntaria/o planificaranse trala resolución da convocatoria, mais as condicións das mesmas quedarán esclarecidas nun documento que se asinará co parceiro local, para garantir a seguridade e comodidade das persoas voluntarias. O plan de traballo quedará definido antes da convocatoria do programa, para que as persoas que potencialmente queiran viaxar teñan claro desde o primeiro momento que é o que se agarda delas. O programa cubrirá os gastos da viaxe, aloxamento e manutención das persoas voluntarias. Todos os pormenores vinculados a estas asistencias técnicas ou traballos voluntarios serán indicados nun convenio de colaboración entre o Fondo Galego e os parceiros locais e a través dun contrato de voluntariado entre o Fondo Galego e as persoas voluntarias. Así mesmo, as persoas voluntarias recibirán formación básica sobre cooperación ao desenvolvemento antes da súa estadía en terreo e terán a obriga de realizar unha actividade de difusión da súa experiencia á súa volta. Esta formación poderá ser impartida por algunha ONGD galega que tamén realice programas de voluntariado similares.

ORZAMENTO: 7.100€

- Viaxe de 4 persoas a Cabo Verde e Mozambique: 3.600€.
- Manutención das 4 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 1.600€
- Aloxamento das dúas persoas que viaxen a Cabo Verde: 1.000€
- Deseño e publicación dixital do caderno de Vacacións con Traballo 2015: 100€
- Deseño e impresión de 2.000 folletos Vacacións con Traballo: 600€
- Formación sobre cooperación ao desenvolvemento para as 4 persoas que participen en Vacacións con Traballo: 200€

4. PLAN ÁREA DE PROXECTOS 2016

1. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

Obxectivo 6: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento

Estratexia 6.1: Redefinición dos países prioritarios

Estratexia 6.2: Impulso de programas

Estratexia 6.3: Destacamento dos eixos transversais do xénero, dereitos humanos e ambiental

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

Estratexia 7.1: Impulso de proxectos de codesenvolvemento

Estratexia 7.2: Participación activa dos nosos socios en determinadas accións de cooperación ao desenvolvemento nos países en execución

Estratexia 7.3: Relanzamento do COCIDE

2. ACTIVIDADES

Obxectivo 6: Mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 6.1: Enfoque integral de saúde comunitaria nos distritos de Boane e Naamacha (Mozambique).**

No 2016 serán apoiado o seguinte proxecto de cooperación ao desenvolvemento, iniciado no 2015 e que continúa a súa execución ata xullo do 2016. Proxecto apoiado xunto coa Fundación Encontro por un importe de 24.988,24€. No 2016 habería que facer efectivos o segundo e terceiro pago do proxecto, o que ascendería a 7.496,22€.

ORZAMENTO: 7.496,22€

- **ACTIVIDADE 6.2: Identificación de programas de cooperación ao desenvolvemento.**

Durante o 2016 sentaranse as bases para a posta en marcha de dous programas de cooperación ao desenvolvemento en Mozambique e en Guinea Bissau. Para isto será preciso un estudo de identificación e a elaboración dunhas liñas de base, para garantir a necesidade e a adecuación dos programas a desenvolver. Así mesmo, tamén será necesario unha comunicación constante e fluída cos parceiros locais, redes de municipios, para a formulación das propostas e executar nos vindeiros 3 anos.

En Mozambique o noso parceiro será a Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos, xa identificada e coa que se tivo contacto na misión a terreo levada a cabo pola Secretaría no mes de marzo do 2015, e en Guinea Bissau, a través da asociación de municipios ou, no seu defecto, dos principais municipios no país.

Os estudos de identificación e elaboración das liñas de base serán encomendadas a unha

consultora especializada, e contará coa participación activa da secretaría do Fondo Galego, que supervisará, guiará e dirixirá estes estudos.

Estes estudos realizaranse no primeiro semestre do ano para poder ter o documento de formulación dos programas a finais de 2016 e así poder dar inicio a ambas propostas.

ORZAMENTO: 10.000€

- Estudo de identificación e elaboración de liña de base en Guinea Bissau: 5.000€
- Estudo de identificación e elaboración de liña de base en Mozambique: 5.000€

- **ACTIVIDADE 6.3: Axudas de emerxencia ou post emerxencia.**

Tras as fortes choivas de outubro de 2015 nos campamentos saharauís, que causaron graves danos ás infraestruturas e poboación refuxiada, apoiárase neste 2016 un proxecto de post emerxencia de rehabilitación dunha unidade sanitaria da man da ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. O proxecto será financiado a través de convenio por un importe de 10.000€.

Resérvanse, así mesmo, outros 20.000€ para outras axudas de emerxencia ou post emerxencia que se poidan aprobar durante o ano.

ORZAMENTO: 30.000€

- **ACTIVIDADE 6.4: Foro de autoridades locais Galicia- PALOP.**

No 2016 levarase a cabo na nosa comunidade un Foro de Autoridades locais cos principais países de fala portuguesa: Cabo Verde, Mozambique, Guinea Bissau, São Tome e Príncipe, Portugal e Brasil. Este foro servirá para coñecer as experiencias en cooperación ao desenvolvemento destes países, e concretamente da cooperación municipalista, intercambiar experiencias. O Foro servirá para analizar as posibilidades de establecer relacións de cooperación con estes países a través da cooperación municipalista, tendo sempre en conta as peculiaridades e fortalezas do Fondo Galego e o contexto de execución. Así mesmo, servirá tamén para mellorar nesta área, tomando como referencia a experiencia en Cabo Verde.

Serían convidados representantes municipais de todos estes países e participarían tamén os nosos socios. O Foro tería lugar no último trimestre do 2016.

A actividade concíbese como un punto de partida para o establecemento de novas relacións de cooperación con novos países de fala lusófona.

ORZAMENTO: 5.280€

- Viaxes, aloxamento e dietas das persoas asistentes (4 persoas intercontinentais): 4.480€
- Viaxes, aloxamento e dietas das persoas asistentes (4 persoas de Portugal e embaixada Brasil): 800€

Obxectivo 7: Incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios na área de cooperación ao desenvolvemento

- **ACTIVIDADE 7.1: Relanzamento do COCIDE**

O relanzamento do COCIDE é unha forte aposta para esta lexislatura. Ao longo do 2016, non só debemos procurar a inserción dentro da nosa rede municipalista daqueles grandes socios, en termos cuantitativos, senón tamén que debemos procurar a súa participación e implicación máis activa e visible dentro do Fondo Galego. O COCIDE concíbese como unha ferramenta que permite que estes socios con maiores posibilidades económicas participen de xeito máis activo na área de cooperación ao desenvolvemento, financiando algún dos programas que se formulen ao longo deste ano.

Así, neste 2016, o principal cometido será o de reafirmar compromisos polas entidades que conforman o COCIDE e procurar a introdución daquelas que quedaron fóra no período anterior. Deste xeito sentamos as bases para o financiamento dun programa de cooperación en Mozambique ou en Guinea Bissau. A súa participación non só será económica, senón que no 2017, representantes do COCIDE poderán participar nunha misión técnica-política a terreo para comprobar a execución do mesmo e coñecer de primeira man as dificultades no contexto.

ORZAMENTO: 0€

- **ACTIVIDADE 7.2: Elaboración dunha base de datos indicando a área ou áreas nas que destaca cada un dos nosos Concellos socios (tanto no eido produtivo como social).**

Nos primeiros meses do 2016 a Secretaría técnica elaborará unha base de datos coas potencialidades dos nosos socios, co obxectivo de poder establecer conexións cando apoiemos proxectos de cooperación ao desenvolvemento sobre a mesma temática.

ORZAMENTO: 0€

4. PLAN COMUNICACIÓN 2016

1. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

Nas Liñas Estratéxicas 2016-2019 aparece definido un obxectivo concreto en torno á área de comunicación:

Obxectivo 8: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

Estratexia 8.1: Afondar na estratexia de comunicación.

2. ACTIVIDADES

Obxectivo 8: Continuar promovendo a visibilización do traballo do Fondo Galego e as cuestións relativas ás desigualdades nos pobos do Sur.

- **ACTIVIDADE 8.1: Elaboración do II Plan de Comunicación**

As reflexións sobre a comunicación, interna e externa do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade tiveron unha relevancia central na pasada lexislatura. Como resultado deste proceso, a finais de ano 2013 presentouse ante a Asemblea de socios o I **Plan de Comunicación** elaborado pola Secretaría.

Neste 2016, e dada a necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando a transparencia e multiplicando as accións informativas, cómpre deseñar un novo plan de comunicación para o presente período, que poida dar conta dos obxectivos marcados neste eido. O Plan de Comunicación será elaborado para o completo da lexislatura e poderá ser presentado aos socios no último trimestre do ano.

ORZAMENTO: 0€

- **ACTIVIDADE 8.2: Elaboración de 4 pressbooks que dan conta da cobertura mediática rexistrada ao longo do ano.**

ORZAMENTO: 250€

- Impresión e encadernación de 4 dossiers de prensa: 250€

- **ACTIVIDADE 8.3: Mantemento da páxina web**

ORZAMENTO: 300€

- **ACTIVIDADE 8.4: Memoria 2015**

Edición impresa e dixital dun completo documento que recolle a vida do Fondo Galego durante o ano de referencia: evolución orgánica da entidade, actividades realizadas, datos contables,

etc. A Memoria será distribuída entre todas as entidades socias do Fondo Galego e demais organismos do sector da cooperación galega.

ORZAMENTO: 1.400€

- Deseño e impresión de memorias do Fondo Galego: 1.400€

- **ACTIVIDADE 8.5: IAF's dixitais**

Edición e distribución dun boletín cuatrimestral ONLINE dispoñible na web, redes sociais e demais plataformas comunicativas do Fondo, que dá conta das actividades da asociación. (<http://www.fondogalego.org/web/iaf>)

ORZAMENTO: 160€

- Deseño e distribución online de 4 números do IAF: 160€

- **ACTIVIDADE 8.6: Pen drive do Fondo Galego**

Producirase un almacenador de datos dixitais (pen drive, usb...) con distinta información sobre o Fondo Galego en inglés, portugués e castelán. O obxecto de elaborar este material é para ofrecer información real e actualizada do traballo do Fondo Galego non só aos actores nacionais senón tamén estatais e internacionais. Así mesmo, servirá como material de visibilización para a conmemoración do 20 aniversario do Fondo Galego no 2017.

ORZAMENTO: 2.500€

- **ACTIVIDADE 8.7: Publicación de 10 artigos de opinión sobre cooperación ao desenvolvemento ou dereitos humanos por parte das/os diferentes integrantes da Comisión Executiva.**

ORZAMENTO: 0€

- **ACTIVIDADE 8.8: Adquisición de cámara fotográfica**

ORZAMENTO: 400€

5. CRONOGRAMA

ACTIVIDADE		XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV.	DEC
FORTALECIMENTO	A Comisión Executiva e a Secretaría Técnica convidan a participar a 10 novos socios			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Reunións itinerantes da Comisión Executiva para visibilizar os novos socios				X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Incrementar o número de recursos humanos na secretaría técnica	X											
	Elaboración dunha exposición sobre os 20 anos do Fondo Galego					X	X	X	X	X	X	X	X
	Priorizar a participación da Confederación de Fondos	X		X	X						X		
	Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego		X	X									
	Auditoría Contable				X	X	X						
SENSIBILIZACIÓN	Levar a cabo as xuntanzas da Rede municipalista solidaria de xeito máis participativo e procurando unha maior asistencia de socios			X								X	
	Estimular a asistencia na Asemblea Xeral de Socios			X									
	Proxecto Networking for Development II					X					X		
	Exposicións con actividades que faciliten a súa comprensión			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Contacontos			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo III'				X	X	X	X	X	X	X	X	
	Tecendo polo cambio					X				X	X		
	Elaborar materiais de difusión sobre a Axenda 2030 para dála a coñecer entre os nosos socios								X	X			
Participación nun workshop xunto coa Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas para promover o seu fortalecemento e funcionamento										X			

